

Resumo da Programación Didáctica

GREGO I 1º BACHARELATO

Ao longo do curso o alumnado desta materia deberá poder ser quen de:

1.	Concepto de indoeuropeo e familias lingüísticas ás que da lugar.
2.	Coñecer as declinacións e encadrar as palabras dentro da súa declinación.
3.	Declinar as palabras correctamente, e analizar e traducir formas nominais e pronominais.
4.	Conxugar correctamente as formas verbais estudadas, analízalas morfoloxicamente e traducilas.
5.	Diferenciar entre formas persoais e non persoais do verbo e recoñecer as categorías gramaticais presentes en cada unha delas.
6.	Coñecer e identificar os nomes dos casos gregos e as súas funcións na oración, e saber traducir adecuadamente os casos á lingua materna.
7.	Recoñecer os elementos da oración: suxeito, predicado, atributo, complementos, etc.
8.	Identificar e relacionar elementos sintácticos da lingua grega que permitan a análise e a tradución de textos sinxelos.
9.	Utilizar con corrección manuais e dicionarios, e recoñecer e analizar toda a información que proporcionan.
10.	Coñecer os feitos históricos dos períodos da historia de Grecia, encadralos no seu período correspondente e realizar eixes cronolóxicos.
11.	Coñecer, identificar e traducir o léxico grego: as palabras de maior frecuencia e os principais prefixos e sufixos.
12.	Recoñecer os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e remontalos aos étimos gregos orixinais.
13.	Subordinación: Identificar as construcións de infinitivo e participio concertado e non concertado.

A avaliación vai realizarse tendo en conta o traballo desenvolvido polo alumnado en torno a tres eixes fundamentais:

- Traballo autónomo (33,3%)
- Aprendizaxe cooperativa (33,3%)
- Participación na aula (33,3%)

As tres avaliacións que temos sinaladas neste centro van ter unha ponderación cada unha delas e vai ser continua e progresiva, pois a mellora no facer do alumno é o que máis debe e pode ser considerado: 1ª avaliación 20%, 2ª avaliación 30%, 3ª avaliación 50%.

En caso de ter que utilizar unha ensinanza mixta (lectiva presencial e semipresencial) ou plenamente non presencial, por mor da situación de pandemia polo Covid-19 ou doutra que poida xurdir, a participación na aula será substituída polo traballo autónomo, de aprendizaxe inversa.